

## I.4. GALÍCIA

Xosé GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Director do Servizo de Normalización Lingüística da  
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

### *Consellería da Presidencia e Administración Pública*

#### a) Desenvolvemento lexislativo

Decreto 167/2001, do 5 de xullo, polo que se determinan os nomes oficiais das parroquias pertencentes ós concellos de Abegondo, Arteixo, Coristanco, A Coruña, Dumbría, Mazaricos, Narón, Noia, Oroso, O Pino, Ponteceso, Ribeira, Sada, Tordoia, Trazo e Vilasantar (provincia da Coruña) (DOG núm. 141, do 20 de xullo).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega. Tendo en conta o Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia, e contando co preceptivo dictame da Comisión de Toponimia, emitido na súa reunión do día 20 de xuño de 2001, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día cinco de xullo de dous mil un, apróbanse os nomes oficiais das parroquias pertencentes ós concellos que figuran no anexo deste decreto.

A disposición derradeira do decreto dispón que a súa entrada en vigor será o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Orde do 10 de xullo de 2001, pola que se determinan os nomes oficiais dos topónimos que se relacionan, pertencentes ós concellos de Abegondo, Arteixo, Coristanco, A Coruña, Dumbría, Mazaricos, Narón, Noia, Oroso, O Pino, Ponteceso, Ribeira, Sada, Tordoia, Trazo e Vilasantar (DOG núm. 141, do 20 de xullo).

Consonte o establecido polo art. 10 da Lei de normalización lingüística que establece que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega, apróbanse os nomes oficiais dos topónimos que figuran no anexo desta orde.

## *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

### a) Fomento

Orde do 31 de xullo de 2001, pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público dunha bolsa de colaboración en diversas actividades que se están a desenvolver no Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), e anúnciase a súa convocatoria (DOG núm. 175, do 10 do setembro).

A base 5ª, apartado c) esíxelles ós candidatos «acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento».

## *Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais*

### a) Fomento

Orde do 12 de setembro de 2001, pola que se regula a concesión de subvencións ós concellos de Galicia para a normalización da lingua galega (DOG núm. 184, do 21 de setembro).

A Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, ten como obxectivos a normalización lingüística no ámbito da Administración local e incorporar o uso do galego na actividade administrativa dos concellos. Os artigos 1º e 2ª desta lei sinalan o alcance destes preceptos.

Por outra banda, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seus puntos 1º e 3º do artigo 7 dispón: «O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local». E, a seguir, fai unha descrición concisa dos actos nos que obrigatoriamente se debe utiliza-la lingua galega.

Estes preceptos levan parellos medidas recollidas nun plan integral de estudos dedicado ós funcionarios, que a Xunta de Galicia elaborou para acadar estes obxectivos.

As subvencións serán solicitadas polo alcalde de cada concello para:

1. Mantemento dos servizos municipais de normalización lingüística xa existentes.
2. Creación de servizos municipais de normalización lingüística, debidamente xustificados e sempre que exista crédito suficiente.

3. Organización de campañas, co obxecto de logra-la normalización lingüística no concello.

O artigo 4º preceptúa que os servicios municipais de normalización lingüística contarán, polo menos, cun especialista titulado en lingua galega (licenciado en filoloxía galego-portuguesa, en filoloxía galega ou mestre co diploma de especialista en lingua galega).

O artigo 5º di que os gabinetes municipais de normalización lingüística deberán cumpri-las seguintes misións:

a) Velar por que sexa aplicada a Lei de normalización lingüística de Galicia, no ámbito de actuación do concello correspondente, así como a Lei do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais. As accións máis importantes serán: confección en galego das actas, edictos, convocatorias de sesións, ordes do día, dictames das comisións informativas, mocións e traducións de tódolos impresos oficiais en lingua galega.

b) Ofrecerlle ó público asesoramento lingüístico para a corrección de textos galegos e para a súa tradución, se fose posible.

c) Impulsa-la normalización do galego nos diferentes ámbitos da vida pública.

Orde do 12 de setembro de 2001, pola que se convocan os cursos básicos, medio e superior de linguaxe administrativa galega para o cadro de persoal das corporacións locais (DOG núm. 184, do 21 de setembro).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5.1, dispón que a lingua propia de Galicia é o galego.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 4.1, establece que «O galego como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma...»

A Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, no seu artigo 1, dispón: «As convocatorias de sesións, ordes do día, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse en lingua galega.»

E no seu artigo 2, punto 2º.1, di: «Correspóndelle á Xunta de Galicia o impulso do proceso de incorporación da lingua galega na Administración

local, moi especialmente a través de programas de formación de funcionarios en lingua galega.»

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, nos puntos 1º e 3º do seu artigo 7, dispón: «O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.»

O abeiro destas disposicións legais, a Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega.

A duración destes cursos será a seguinte:

a) O curso básico e medio terán unha duración de 75 horas.

b) O curso superior terá unha duración de 90 horas, distribuídas do seguinte xeito:

— 70 horas lectivas.

— 20 horas prácticas.

#### b) Negociación colectiva

Resolución do 5 de febreiro de 2001, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do convenio colectivo galego de editoriais (DOG núm. 68, do 5 de abril).

No artigo 5.3 establécense as obrigas da empresa, que se concretan no apartado 7: «Fomenta-lo uso da lingua galega nas actividades internas e nas súas relacións cos clientes e administracións públicas galegas.»

O artigo 5.4, «Dereito dos traballadores», no apartado 5, aclara:

«Desenvolve-la súa actividade laboral e profesional en lingua galega, e a recibir formación lingüística para mellora-lo servizo ó público no seu posto de traballo, recoñecendo a empresa deste xeito a oficialidade da lingua galega e os dereitos lingüísticos dos traballadores e traballadoras recollidos no Estatuto de autonomía de Galicia, Lei de normalización lingüística, Lei do Estatuto galego do consumidor e usuarios, e demais disposicións legais concordantes.»

Resolución do 9 de marzo de 2001, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o depósito e a publicación no *Diario Oficial de Ga-*

*licia*, do convenio colectivo para o persoal laboral ó servizo do Concello de Pontedeume (DOG núm. 79, do 24 de abril).

O capítulo VIII, que regula a selección do persoal, provisión de postos de traballo e fomento da promoción e formación, no seu artigo 8.4 di:

«Para potencia-lo emprego do idioma galego no Concello de Pontedeume e garanti-lo dereito dos administrados ó uso do galego nas súas relacións coa Administración pública, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas incluírase unha proba de coñecemento de lingua galega, consonte o Plan de Normalización do Concello de Pontedeume e disposicións legais superiores.

»No programa das probas de selección do persoal do Concello de Pontedeume incluírase o coñecemento da Lei 3/1983, de normalización lingüística de Galicia, o Plan de Normalización Lingüística do Concello de Pontedeume e cantas disposicións en materia de normalización lingüística estableza o Concello de Pontedeume.»

O capítulo IX, denominado «Dereitos lingüísticos», no artigo 9.1 di:

«Os/as traballadores/as ó servizo do Concello de Pontedeume teñen o dereito e o deber de desenvolve-la súa actividade laboral e profesional no idioma galego, como lingua oficial da Comunidade Autónoma e, en particular, do Concello de Pontedeume, e de accederen a vías de formación lingüística en relación co servizo público e co perfil do posto de traballo, no marco das disposicións contidas no Estatuto de autonomía, Lei 3/1983, de normalización lingüística de Galicia, e Lei 5/1988, que regulamenta o uso do galego nas entidades locais.»

O artigo 9.2, engade:

«O Concello de Pontedeume establecerá, de acordo coas disposicións normativas nomeadas e coas que puidesen dictarse nese ámbito, as medidas adecuadas para garantirles ós/as seus/súas empregados/as o exercicio pleno e sen restricións dos dereitos recollidos nese capítulo, nos niveis orais e escrito do uso do idioma galego.

»Estas medidas incluírán necesariamente, entre outras, as seguintes:

»a) A elaboración dun Plan de formación lingüística para o persoal.  
»b) A regulamentación da avaliación do coñecemento do idioma galego para os efectos de acceso, promoción interna e provisión de postos de traballo.

»c) A implantación de sistemas de traballo que aseguren o exercicio

do dereito dos/as traballadores/as do concello a desenvolve-la súa actividade laboral en galego.

»d) A adopción das medidas imprescindibles tendentes a garanti-lo dereito dos/as administrados/as a seren atendidos na lingua oficial de Galicia.»

Resolución do 22 de marzo de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do convenio colectivo do Concello da Illa de Arousa (persoal laboral) (DOG núm. 82, do 27 de abril).

O artigo 29 deste Convenio colectivo leva o rubro de «Normalización lingüística» e di:

«Os/as traballadores/as do Concello da Illa de Arousa, teñen o dereito e o deber de desenvolve-la súa actividade laboral e profesional no idioma galego, como lingua da comunidade autónoma, e en particular do concello, e polo tanto acceder a vías de formación lingüística en relación co seu posto de traballo.»

Resolución do 29 de xuño de 2001, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do convenio colectivo de ámbito provincial para a empresa Fábrica de Cerámica de Sargadelos, SL (DOG núm. 176, do 11 de setembro).

Sargadelos é unha empresa de cerámica acreditada polos seus deseños orixinais e pola vinculación histórica cun dos ilustrados galegos máis significativos do século XVIII, que a fundou.

O artigo 15 do convenio colectivo, titulado «Dereitos lingüísticos», di: «No seo da empresa, desde a súa creación a finais de 1968, de xeito natural, espontáneo, as relacións laborais, ámbito ó que se refire este convenio colectivo, véñense producindo en galego, total e absolutamente.

»Posteriormente, a lexislación democrática, estatal e autonómica, referendaron o galego como o idioma propio e oficial de Galicia.

»Polo tanto, os traballadores teñen dereito a desenvolve-la súa actividade laboral e profesional en lingua galega. No seo da empresa, a administración e o comité de empresa, fomentarán o uso da lingua galega, ó se-lo idioma un dos sinais de identidade fundamental do noso pobo.»

Resolución do 23 de xullo de 2001, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o depósito e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do convenio colectivo do sector do comercio de alimentación da provincia da Coruña para o ano 2001 (DOG núm. 184, do 21 de setembro).

O artigo 38 deste convenio colectivo titúlase «Dereitos lingüísticos», e o seu teor literal é:

«Ningún traballador poderá ser discriminado no centro de traballo polo uso do idioma galego, polo cal terá pleno dereito a uso.»

Resolución do 31 de xullo de 2001, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se dispón a inscrición e publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Allariz-Ourense e o seu escrito de rectificación (DOG núm. 197, do 10 de novembro).

O capítulo XII do texto do convenio, titulado «Dereitos lingüísticos», desenvolve o seu alcance no artigo 35, redactado así:

«Os traballadores e traballadoras teñen dereito a desenvolver-la súa actividade laboral e profesional en lingua galega e a recibir formación lingüística para mellora-lo servizo ós cidadáns e cidadás no seu posto de traballo.

No seo do concello, os seus responsables e os representantes dos traballadores fomentarán o uso da lingua galega nas actividades internas e nas súas relacións cos cidadáns e cidadás e mais coas administracións públicas en Galicia.»

Resolución do 10 de agosto de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Caldas de Reis (DOG núm. 216, do 8.11.2001)

#### Artigo 44. Uso da lingua galega

«Os/as traballadores/as do Concello de Caldas de Reis teñen o dereito e o deber de desenvolver-la súa actividade laboral e profesional no idioma galego, como lingua da comunidade autónoma, e en particular da Administración local, e polo tanto, acceder a vías de formación lingüística en relación co seu posto de traballo.

O Concello de Caldas de Reis proporcionará os instrumentos axeitados para propiciar un coñecemento adecuado da lingua galega. Os/as traballadores/as da entidade local teñen dereito a asistir a cursos de aprendizaxe, perfeccionamento e especialización do idioma galego, dentro do horario de traballo.

O tempo investido na asistencia ós devanditos cursos será computado como tempo efectivo de traballo.

No caso de que os cursos de galego non se realicen dentro dun plan de formación lingüística do persoal ó cargo da entidade local ou non sexan organizados por esta, este aboará se é o caso, e logo da xustificación documental, as axudas de custo e gastos de desprazamento pertinentes.»

### *Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo*

Orde do 22 de outubro de 2001, pola que se modifica a de 15 de febreiro de 2001, pola que convocan subvencións a empres vinculadas co sector audiovisual para apoia-lo desenvolvemento e a produción audiovisual en lingua galega, así como para o desenvolvemento de guións e para a realización de proxectos de produción audiovisual en lingua galega que incorporen novos realizadores (DOG núm. 210, do 30 de outubro).

Modifícanse os artigos 26 e 23 das ordes de 15 de febreiro de 2001 na modalidade de axudas á produción audiovisual en lingua galega e axudas para a realización de proxectos de produción audiovisual en lingua galega que incorporen novos realizadores, que quedan redactados como segue:

«As produtoras subvencionadas quedarán obrigadas a presentar un resumo dos investimentos realizados antes do 1 de novembro de cada exercicio económico do que se trate, entregándolle á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo xustificación do investimento efectuado mediante xustificantes orixinais, ou fotocopia compulsada, dos gastos realizados así como a súa relación detallada. Así mesmo, deberán facer entrega de dúas copias da produción resultantes e un vídeo promocional á Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo antes do 27 de decembro de 2001.»

Orde do 22 de outubro de 2001, pola que se modifica a do 13 de xullo de 1999, pola que se convocan subvencións a empresas vinculadas co sector audiovisual para a produción audiovisual en lingua galega (DOG núm. 210, do 30 de outubro).

Modifícase o punto primeiro do artigo 17 da Orde do 13 de xullo de 1999 na modalidade de axudas á produción audiovisual en lingua galega para expedientes plurianuais, que queda redactado como segue:

«As produtoras subvencionadas quedarán obrigadas a presentar un resumo dos investimentos realizados antes do 15 de novembro de cada exercicio económico do que se trate, entregándolle á Consellería de Cultu-



ra, Comunicación social e Turismo xustificación do investimento efectuado mediante xustificantes orixinais, ou fotocopia compulsada, dos gastos realizados, así como a súa relación detallada. Así mesmo, deberán facerse entrega de dúas fotocopias da produción resultante e un vídeo promocional á Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo antes do 27 de decembro de 2001.»